

ROGER WRIGHT: *LATÍN TARDÍO Y ROMANCE TEMPRANO EN ESPAÑA Y EN LA FRANCIA CAROLINGIA*. VERSIÓN ESPAÑOLA DE ROSA LALOR. MADRID: GREDOS, 1989. RESEÑA CRÍTICA.

XOSÉ ANTONIO LÓPEZ SILVA

No ano 1982 tivo lugar a publicación da obra do profesor da universidade de Liverpool Roger Wright *Late Latin and early Romance in Spain and carolingian France*.¹ O libro non só foi un éxito senón que ademais axiña foi traducido para as principais linguas europeas. A tradución castelá data de só sete anos despois.² Sen lugar a esaxeracións, pódese afirmar rotundamente que nos estudos de Lingüística Románica e Latín Tardío, así coma no específico e espiñento tema das relacións entre latín e romance —ou romances— na época altomedieval, hai un antes e un despois da publicación da devandita obra, que supuxo un novo enfoque e unha nova hipótese para iluminar o problema.

En calquera caso, hoxe en día, as opinións sobre o valor do libro atópanse divididas. Se por unha banda a Filoloxía Clásica, a través dos estudos sobre Latín Tardío,³ rexeitan case de cheo as hipóteses de Wright, pola outra, a Lingüística Románica soubo valoralo coma o revulsivo que era necesario para plantexar novamente o problema e sacalo do leito de Procustes en que estaba sumido.

As teorías de Wright son simples. O seu libro está dirixido a probar que ata a época carolinxia, coa reforma enxergada pola intelectualidade da corte de Carlomagno, non había distinción ningunha entre latín e romance.⁴ A lingua escrita tampouco se diferenciaría en nada da falada, aínda que en aparencia estivese moi afastada da mesma polo mantemento dunha norma ortográfica arcaica, anquilosada e claramente desfasada. A reforma carolinxia, en rigor, foi ortográfica: impúñase a lectura de tódalas letras, co cal comezaba a separación entre latín e linguas romances, mais dun xeito artificial. O romance, a partir dese momento, necesitaría das súas propias normas ortográficas:

(...) Antes de la llegada de estas reformas a una comunidad no había allí una distinción contemporánea entre latín y romance. Todos usaban estilos de su lengua vernácula local, ya fueran poco o muy cultos. (...) El aprendizaje de la escritura comprendía las técnicas para reproducir en pergamino una morfología

¹ WRIGHT, Roger: *Late Latin and early Romance in Spain and carolingian France*. Liverpool, 1982.

² *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*. A cargo de Rosa Lalor. Madrid: Gredos, 1989.

³ Coma se tivesen en mente a asunción da *Theory of Valuation* de Dewey: “O erro nun extremo reclama sempre na historia das teorías un erro complementario ao oposto.”

⁴ “(...) romance temprano y latín tardío son dos nombres de un mismo fenómeno, que el latín medieval no existió en el mundo de habla románica antes del Renacimiento Carolingio”. Wright, *op. cit.*, p. 7.

flexiva desfasada (...) y un sistema de ortografía que no era muy adecuado para el romance evolucionado. (...) Los pocos que querían escribir tenían que ajustarse a las normas antiguas de escritura, dando la impresión de que los autores de los textos escritos de principios de la Edad Media hablaban más o menos la misma lengua que Plauto o Plinio. El vocabulario, la gramática y la ortografía antiguos se podían aprender en los libros. La pronunciación antigua, sin embargo, no se puede aprender directamente de los mismos. (...) Solamente cuando empieza a usarse una forma de pronunciación latina arcaizante en una comunidad romance, empieza a prepararse el terreno para una distinción conceptual completa entre dos lenguas separadas, en lugar de la colección preexistente de varios estilos que se da normalmente en una lengua.⁵

A amplitude da cita xustificase en que o propio Wright resume de maneira sinxela e directa a súa hipótese, consciente como é da oposición total da mesma ás doutrinas defendidas ata entón pola práctica totalidade da comunidade científica e que viñan con maior ou menor diversidade a coincidir nun axioma fundamental: nun momento indeterminado da Antigüidade Tardía, latín e linguas romances comezaron a separarse e a seguir cadanseu desenvolvemento propio. O latín falado segue evolucionando ata dar lugar ás linguas romances, pero ao tempo, o propio latín culto, empregado polas clases altas letradas e igualado ao latín escrito, continuaría vivo ata que, co paso do tempo, queda reducido ao papel de lingua non falada, mais sí escrita, gracias á aprendizaxe nas escolas. Nese sentido, si é certo que o latín pervivía só coma unha *kultursprache*; para desenvolvelo de xeito de xeito máis detallado: desde a morte de Marco Aurelio, no 180, vaise producir unha progresiva desconexión entre a lingua falada e os círculos cultos, cada vez máis reducidos, que continuaban elaborando unha literatura erudita segundo as normas clásicas e falando un latín bébedo de normas gramaticais, aínda que progresivamente se tendeu a admitir por parte de novos estudiosos que o latín coma tal non tivo unha división tan enorme na súa realización oral, senón que o verdadeiramente constatable era a diferenciación froito da ortografía anquilosada, dado que as clases cultas, dentro do seu *status*, tamén falarían con características algo diferentes esa lingua evolucionada⁶ ata o cambio que supuxo a reforma carolinxia. A decadencia educativa froito das crises políticas, socioeconómicas e das invasións bárbaras fará que progresivamente agromen entre os círculos de cultura —a cada paso máis reducidos— máis trazos da lingua corrente. Á súa vez, a fala continúa a súa evolución sempre ininterrumpida ata que chega a ser romance, e non latín, sen que se poida deixar de ter en conta a posibilidade de existencia dun período de transición onde puidese haber unhas enormes diferencias fonéticas e morfosintácticas entre o latín falado da clase culta e o popular dun modo que podería ilustrarse no cadro de dúas liñas paralelas, e que amosaría fundamentalmente unha situación de diglosia coa especificidade de que, alomenos a partir dun momento determinado, a lingua A é unha lingua escrita, deixando de ser variante oral, de acceso só para un reducido grupo de persoas, os letrados, mentres que a lingua B é a falada por tódolos sectores da sociedade. Sen lugar a dúbidas, esta situación diastrática converteuse entre a crítica na máis factible explicación da separación latín-romance dada a imposibilidade de consenso, aínda mínimo, entre os resultados das investigacións de filólogos clásicos e romanistas, pois a

⁵ Wright, *op. cit.*, pp. 11-12.

⁶ Cf. PUENTES ROMAY, J. A: *Problemas de ortografía del latín en la Alta Edad Media*. Santiago, 1984.

partir dos estudos de textos latinos de diferentes periodos, os primeiros sitúan esa separación moi tardiamente, non antes do século VII ou VIII,⁷ mentres que os segundos, baseándose nos datos aportados polo comparativismo e a reconstrución, considéranla moi temperá, posiblemente imperial.

A distinción entre o latín falado, latín do pobo ou latín vulgar, —tamén tendo en conta que moitas veces este termo tivo valor cronolóxico equivalente ao que logo se denominará desde Löfstedt *Late Latin*, por paralelismo co *Spätlatein* e *Spätantike*—, e latín culto, falado nun tempo e logo escrito,⁸ era admitida desde os primeiros estudos sobre a evolución do latín na Idade Media, desde o positivismo de Bogman,⁹ Burkhardt,¹⁰ ou Menéndez Pidal,¹¹ ata os manuais máis expandidos da disciplina, que concluían que a evolución do latín vulgar era, no seu resultado final, o romance:

*Either some form of spoken latin that had always differed from the literary dialect or a later form of latin developed out of an earlier form that closely resembled Classical Latin.*¹²

Herman,¹³ nunha das máis recentes interpretacións, expón de modo sinxelo a chamada hipótese tradicional, ao afirmar, que en época altomedieval, o latín se atopaba nun dobre proceso de crise debido á continua diferenciación sociocultural, cunha ruptura progresiva entre a variedade culta, conservadora e prestixiosa, moi vencellada a tradición escrita e unha oral e popular, dotada, polo menos a partir de certo momento, dunha rápida evolución que provocará a fragmentación¹⁴ lingüística da Romanía, debido a actuación de dinámicas varias de separación e diferenciación, e polo tanto, disolución

⁷ Vid. LÖFSTEDT, E.: *Late Latin*. Oslo, 1959, p. 65.

⁸ Cf. “(...) un latino super-provinciale e socialmente connotato (e dunque unitario)”. CREVATIN, F.: «Tra tardo antico e alto medioevo: Il contributo della linguística». In: VINEIS, E. (coord.): *Latino volgare, latino medioevale, lingue romanze. Atti del Convegno della Società Italiana di Glottologia, Perugia, 28-29 marzo, 1982*. Pisa: Giardini Editore, 1984, pp. 23-45; p. 26.

⁹ BOGMAN, Pius: *Die Lateinische Vulgar Sprache*. Berlín, 1866.

¹⁰ SCHUCHARDT, Hugo: *Der Vokalismus des Vulgarlateins*. Leipzig, 1868-1868.

¹¹ MENÉNDEZ PIDAL, R.: *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo XI*. Madrid, 1809.

¹² LLOYD, Paul M.: «On the definition of Vulgar Latin». *Neophilologische Mitteilungen* 80: 110-122 (1979).

¹³ HERMAN, J.: «Spoken and written latin in the last Centuries of the Roman Empire. A contribution to the Linguistic History of the Western Provinces». In: WRIGHT, R. (ed.): *Latin and the Romance Languages in the Early Middle Ages*. Londres, 1991.

¹⁴ *Ausgliederung*. Tal denominación do fenómeno foi popularizada polo libro de Walter von WARTBURG: *Die Ausgliederung der Romania*, a primeira edición do cal data do ano 1930. Hai tradución ao castelán: *La fragmentación lingüística de la Romania*. Madrid: Gredos, 1979. Cf. para outros tratamentos do mesmo tema M. KRIEPINSKY: «Romanica II. La naissance des langues romanes et l'existence d'une periode de leur évolution commune». (Latin vulgaire, période romane) In: *Zur Entstehung der Romanischen Sprachen*. Darmstadt: Hgg von R. Kontzi, 1978, p. 301-365.

da norma máis ou menos fixada do latín altoimperial, que poderían ser clasificadas coma de tipo areal, social, cultural e comunicativo.¹⁵

Moitas desas hipóteses, como vemos, admitían que o latín culto podería seguir sendo falado por sectores da poboación cada vez máis reducidos ata a súa desaparición, pero que en todo caso, esta desaparición era un fenómeno constatable e tendente a aumentar. A maioría das hipóteses actuais, en todo caso, englobábase na que Wright chamou “teoría das dúas normas”, tendo en conta estas dunha maneira laxa, entendendo a evolución sen solución de continuidade da lingua oral e o estancamento e conservación da escrita polas minorías letradas do Baixo Imperio e a Antigüidade Tardía. Nese momento, ao avanzar a Idade Media, só quedaría o romance ou romances¹⁶ por unha banda, e o latín escrito, lingua aprendida, lingua de cultura, pola outra.¹⁷

Sen embargo, hai que aclarar que a chamada hipótese das dúas normas, malia ser a máis extendida dentro das tendencias científicas tradicionais, ten variacións de tan alto grao que ás veces está máis preto de ser teoría oposta á única existente, polo menos, nun sentido implícito, xa que desde principios de século, diversos autores introduciron baixo a terminoloxía do latín vulgar sutís apreciacións que, en realidade, facían da cuestión algo moi diferente do habitualmente establecido. Así hai autores que cren que o latín vulgar é o *status* anterior ao protorromance. Vidos¹⁸ afirmaba que latín vulgar era calquera pronuncia falada do latín, xa fose de estratos cultos, medios¹⁹ ou vulgares, ou ben, incluso, nas áreas onde o latín foi posteriormente reempazado por outra lingua.²⁰

En realidade, o problema segue a ser espiñento, e unha das razóns débese á xa sinalada da falta de acordo unánime á hora de denominar a entidade chamada “latín vulgar”, se é que tal entidade existe, debido, non xa á súa falta de definición e valía metodolóxica, senón aos problemas derivados da súa aplicación práctica para explicar os problemas aquí plantexados da evolución do latín ás linguas romances ou das variedades existentes dentro do latín.

¹⁵ Cf. CREVATIN, F.: «Tra tardo antico e alto medioevo: Il contributo della linguística». In: VINEIS, E. (coord.): *Latino volgare, latino medioevale, lingue romanze. Atti del Convegno della Società Italiana di Glottologia, Perugia, 28-29 marzo, 1982*. Pisa: Giardini Editore, 1984, pp. 23-45; p. 26.

¹⁶ En realidade, calquer afirmación da que partimos requiriría notas a pé de páxina, dado que todas as opinións mencionadas non posúen en modo algún, consenso, e ademáis, o seu establecemento ten hoxe, unha longa tradición que é necesario coñecer para ter claras as referencias ás que poden facer alusión. Nese sense, tampouco é unanime a crenza sobre cómo se realizou a fragmentación lingüística na Romania, de si ésta se fixo a partir xa dun romance que funcionaba ao xeito dunha lingua franca con intercomprensión do mesmo en toda a Romania, ou ben xa se dera a fragmentación en datas que normalmente non se suelen situar con anterioridade ao século VI.

¹⁷ BASTARDAS: *El latín medieval*.

¹⁸ VIDOS, B. E.: *Manual de lingüística románica*. Madrid, 1963.

¹⁹ Non deixa de ser chamativo que moitos estudiosos da disciplina, coma Battisti, saltando a coherencia histórica, cualificaran o latín vulgar coma o latín falado polas clases medias do imperio. Tendo en conta que desde estudos coma os de Pirenne: *De Mahoma a Carlomagno*; ou Brown, un dos trazos típicos da Idade Media nacente será un cambio do sistema socioeconómico que conduce de modo directo desde o século III ao feudalismo, e que se caracteriza secundariamente porque supón a case desaparición dos estratos anacrónicamente chamados burgueses, para basearse na dualidade señor-vasalo.

²⁰ LÜBKE, W. Meyer: *Grammaire des langues romanes*. París, 1890.

De feito, que posteriormente diversos autores tentasen traxer unha definición paralela entre latín vulgar e protorromance²¹ ao definir o primeiro coma un constructo formado pola combinación de variedades diferentes do latín, ou mesmo entender o termo coma alusivo ao diasistema do latín, proba que o esvaradizo do terreo fíxolle perder consistencia e causa aínda maiores dificultades ao confundirse co protorromance. Tal vez este caos terminolóxico fose un dos grandes problemas xerais da Lingüística Románica. Hoxe o termo “Latín Vulgar” só ten —ou debería ter— o valor de designar o que crea de maneira particular o estudioso da disciplina, se o emprega e cre que o seu uso é válido.

Esa opinión con respecto ás dúas normas baseada en todo caso nun reparto diglósico sinstrático coetáneo respecto á pronunciación culta e vulgar,²² era, de tódalas maneiras, a que permitía usar os textos literarios latinos coma a base da análise comparativa entre latín e romance dun xeito totalmente calcado ao que se aplicara na Lingüística Histórica tradicional con outras linguas, e que explícita ou implicitamente se baseaba na asunción de que calquera documento escrito era latín, e que do romance non comezan a terse testemuños documentais ata ben entrada a época carolinxa.

As hipóteses tradicionais estarían avaladas pola presenza nas diferentes linguas romances de dobretes que se atribuían sistematicamente á pronuncia culta e, polo tanto, sostiñan a crenza nas dúas normas ao non axustarse aos diferentes romances as leis de evolución fonética regular²³ atribuídas pola Lingüística Románica, así coma pola

²¹ Unha análise detallada do termo protorromance non só excedería dos contidos deste traballo, senón que no estadio actual das investigacións, sería de magnitude apta case para unha tese de doutoramento: baste dicir aquí que o vocábulo foi creado dun xeito paralelo ao termo protoindoeuropeo. Ambos conceptos xurden dos presupostos do método inductivo do comparativismo neogramático para aludir a unha entidade teórica resultado do método da reconstrución lingüística, que por outros foi considerado incluso coma unha lingua real preexistente á fragmentación das linguas romances, dun xeito que recupera termos da Romanística máis tradicional, desde Raynouard a Pidal, como foi presentado de xeito paradigmático por Robert A. HALL Jr. en «The Reconstruction of Proto-romance» *Language* XXVI: 6-27 (1950). Cf. a este respecto H. M. HOEGNISWALD: *Linguistic change and linguistic reconstruction*. Chicago, 1960; K. KOERNER: «Comments on reconstruction in historical linguistics». In: Th. VENNEMANN (ed.): *The new sound of Indo-European Essays in phonological reconstruction*. Berlín; New York, 1989, p.3-15; W. P. LEHMANN: *Workbook for historical linguistics*. Dallas: Summer Inst. of Linguistics (Publics in Linguistics, 17), 1984; A. MEILLET: *La méthode comparative en linguistique historique*. Oslo, 1925; A. MEILLET: *Linguistique historique et linguistique générale*. París, 1938; L. MICHELENA: *Lenguas y protolenguas*. Salamanca, 1963; E. PULGRAM: «Proto-Indo-European reality and Reconstruction». *Language* XXXV: 421-426 (1959); E. PULGRAM: «The nature and use of Proto-Languages». *Lingua* 10: 18-37 (1961); E. PULGRAM: «Proto-Languages as proto-diasystems». *Word* 21: 373-383 (1965); P. RAMAT (ed.): *Linguistic reconstruction and Indo-European syntax*. Amsterdam, 1987; B. SCHLERATH: «On the reality and status of a reconstructed Language». *Journal of Indoeuropean Studies* 15(1-2): 41-46 (1987); P. SWIGGERS: «Reconstruction and historical linguistics (Discussion on Konrad Koerner's paper)». In: VENNEMANN (ed.), 1989, p. 17-20.

²² Deixamos a un lado polo momento a hipótese tamén dualista, pero moito máis tardía, da diglosia xa comentada entre lingua oral e lingua escrita, latín, que sendo atribuída nun principio como un fenómeno medieval propiamente dito, vid. BASTARDAS: «El latín medieval». *ELH*, cada vez atopa máis partidarios que tenden a retrasar máis a súa aparición, ata incluso o século III e IV. Cf. PULGRAM, E.: *Latin-Romance Phonology: Prosodics and Metrics*. München, 1975.

²³ O feito de que fronte á Lingüística indoeuropea ou semítica, a Lingüística Románica contase coa lingua nai coma proba do método de comparación lingüística, fíxo que se tivese máis en conta a valía das chamadas leis fonéticas, dado que se contaba con suficientes materiais para facilitar a elaboración a través

existencia doutro tipo de leis lingüísticas que reafirmaban as xa ofrecidas pola Lingüística Histórica, coma a das áreas laterais, na que foi un feito clave a elaboración da dialectoloxía Románica desde Georg Wenker ata Gillieron. Nese caso, a teoría respecto ás dúas normas continuaba a manterse a pesar do desfase que supuña fronte a outro tipo de manifestacións reflectidas nos atlas lingüísticos. Abonda con dicir aquí que zonas con indubidable conservación de arcaísmos fonéticos e léxico-semánticos non presentaban durante a Antigüidade Tardía unha clase culta destacada, nin cultivo destacado de literatura. Aínda que Wright concibe isto coma un dislate e un círculo vicioso, con todo, non hai que esquecer que tal e como era afirmada a hipótese tradicional eses dialectos románicos o que farían sería confirmar a regularidade das leis fonéticas antes citadas, dado que, en todo caso, a aceptación das normas de pronunciación diferentes importaban só para a asunción de fenómenos máis ou menos marxinais dentro de cada dialecto románico. Nese sentido, admitíase que a norma latina culta, que podía deixar pegada nas linguas romances a través de préstamos interestráticos, era só outro medio de explicación, non só da evolución xeral das linguas romances, senón ademais, de certos problemas na norma non explicables pola influencia da analoxía a interacción de outros cambios fónicos, préstamos, accións de sustrato ou feitos semellantes: os dobretes son algo xa sinalado, pero tamén quedarían aquí incluídos diversos aspectos lingüísticos que son regulares en certas áreas, pero irregulares noutras.

Tales problemas non axustados a norma, poderían ser aceptados coma non anómalos dentro da doutrina do cambio lingüístico a través da difusión léxica defendida primeiramente, por Wang e Chen:

*Las formas irregulares que se supone probaron la existencia de un sistema de pronunciación latino distinto del antiguo romance, antes de la instauración de las reformas carolingias en una comunidad dada, pueden explicarse de una manera razonable de otro modo. La difusión léxica, es decir, la afirmación simple de que algunas palabras cambian después que otras, goza de gran aceptación; (...).*²⁴

É curioso que a asunción da teoría da difusión léxica foi formulada coma un xeito de oposición a *Ausnahmslosigkeit* neogramática das leis fonéticas, por estar os cambios fonéticos sometidos só a condicionamentos de tipo fonético que facían dos mesmos uns procesos históricos potencialmente interactivos, dentro do principio da uniformidade tal e como foi formulado por Scherer.²⁵ De tódolos xeitos, non é banal que as teorías de Wang²⁶ e Chen teñan coma punto de referencia a *Wellentherie* de Schmidt, que tanto lle

de repertorios estatísticos que destacan a función da regularidade das mesmas leis dentro das gramáticas históricas das linguas romances, sen esquecer ademais que se contaba coa fortuna de posuír os étimos de saída na abundante literatura latina.

²⁴ Wright: *Op. Cit.*, pp. 75-76.

²⁵ Scherer

²⁶ Sen embargo iso non implica un rexeitamento total das doutrinas do cambio fonético herdeiras dos Neogramáticos, como parece darse a entender cunha primeira lectura de Wright, p. 75-77. Cf. coas palabras de Wang, ao afirmar: “A concepción dos Neogramáticos do cambio lingüístico seguirá en parte sendo verdadeira”, en WANG, W. S-Y: «Language change: A lexical perspective». *Annual Review of Anthropology* 8: 353-371 (1979), p. 369.

debe a evolución da dialectoloxía no XIX e supón, por suposto, un reactivo contra a crenza de evolución lingüística ex uno plures que realizaba a súa máxima afirmación nas árbores xenealóxicas.²⁷

O problema actualmente está en que se aceptamos que as teorías respecto da difusión léxica non son substitutivas das leis fonéticas na súa formulación máis ou menos clasicista —tendo en conta que a crenza no XIX era a de que o cambio fonético se daba dun xeito atomístico e individual, e que desde o estruturalismo a moderna teoría da lingüística histórica parece que asumiu que cada vez hai que confiar menos no axioma de Malkiel de que cada palabra ten a súa historia, e comprender máis o cambio nun aspecto máis xeral dentro do esquema do parámetro chomskiano— senón en todo caso suplementarias á mesma, por seren un bo esquema explicativo respecto da non regularidade das leis fonéticas —ó tempo que extenden a explicación do cambio lingüístico ao nivel da palabra e non só do fonema ou do trazo distintivo—, significaría que a explicación coma tal de Wright, baseada na asunción de que a difusión léxica debe artellar un complexo explicativo completo respecto dos mecanismos do cambio lingüístico, non sería correcta, dado que, segundo semella, a teoría de Wang e Chen non pretende tales aspectos, senón en todo caso ofrecer a xa mencionada explicación complementaria respecto da asunción da complexa situación dos cambios fonéticos non condicionados e a evolución que provocan estes. Complementáanse así as vías estritamente fonéticas e a léxica, pero ao tempo que se asume que os cambios poden darse en palabras coma entidades propias e extenderse dunhas a outras en virtude de certos mecanismos, tamén é certo que a lei fonética permite a comprobación do cambio lingüístico en fenómenos non estritamente léxicos. Non se pode prescindir, logo, da aportación neogramática, polo menos, nos seus aspectos máis básicos.

En todo caso, as asuncións da teoría da difusión léxica cobran importancia desde o estudo sociolingüístico do cambio fonético tal e como foi formulado por Labov,²⁸ pero as repercusións da aplicación sociolingüística ao problema das relacións latín-romance, non se aplicaron nin desenvolveron debidamente por Wright nin polos seus seguidores, ata recentes estudos coma os de Michel Banniard, de enorme importancia para sentar novas premisas respecto á convivencia entre latín e romance e a evolución deste²⁹ partindo precisamente de que a asunción entre dúas normas ou variantes debe ser analizada a través das canales do contacto lingüístico, dialectal e intervareial. A partir desde outro punto de vista da aceptación da hipótese das dúas normas, que sexan ou non sexan variantes, deben ser considerdas a partir dunha análise non illada, senón precisamente tratando de estudar os diferentes puntos de contacto establecidos ao longo da evolución que vai dar lugar á separación entre latín e romances, conectando sen

²⁷ vid. ECO, U.: *En busca de la lengua perfecta*. Barcelona: Bruguera, 1995.

²⁸ LABOV, W: «On the mechanism of linguistic change». *Georgetown University Monographs on Language and Linguistics* 18: 91-114 (1965).

LABOV, W: «Evolución interna de las reglas lingüísticas». In: STOCKWELL, R.; MACAULAY, R. K. S. (ed.): *Cambio lingüístico y gramática generativa*. Madrid, 1977, p. 146-232.

LABOV, W: *Modelos sociolingüísticos*. Madrid, 1983.

LABOV, W.: «Resolving the Neogrammarian controversy». *Language* 57: 267-308 (1981).

²⁹ BANNIARD, M: *Viva voce. Communication écrite et communication orale du IV au IX siècle en Occident latin*. Paris, 1992.

BANNIARD, M: «Latin tardif et français pré-littéraire: observations de méthode et de chronologie». *Bulletin de la Société de Linguistique de Paris* 88(1): 139-162 (1993).

solución de continuidade en boa medida cos resultados e ideas da lingüística románica francesa do XIX que partía da crenza en que, fronte á lingüística historicista alemana para o estudo da Romania, se facía en Francia a partir de ter máis en conta os aportes da lingüística ilustrada do XVIII, que se fixaba non tanto no cambio lingüístico senón no cambio de linguas na concepción de que a linguaxe é unha institución social, de ahí que os romanistas franceses e unha boa parte da lingüística sobre este periodo tivese moi en conta os aportes da historia socioinstitucional e das mentalidades para estudar a función da lingua ou linguas dentro dunha sociedade determinada nun contexto histórico cunhas funcións sociais e culturais concretas.³⁰

En tal caso, e retomando o que anteriormente subliñabamos, a lingua falada e a escrita chegaron a desenvolver tal diferenza que, nun momento determinado, a poboación non pode acceder á documentación do latín escrito. A data tradicional da constatación destes feitos é o 813, a celebración do Concilio de Tours:³¹

Visum est unanimitati nostrae ut quilibet episcopus omelias aperte transferre studeat in rusticam romanam linguam aut Thiosticam, quo facilius cuncti possint intelligere quae dicuntur.

Os Xuramentos de Estrasburgo datan do 842.³²

Pouco antes, producírase un movemento de renovación cultural³³ no reino franco baixo a guía de Alcuíno de York, que plasmou o sistema da escola monacal de York, herdeira á súa vez do sistema establecido por Beda, dun alcance sen precedentes que se pode resumir na epístola de Carlomagno a Bangulfo:

non solum et vitae praecepta ad regulam composita et genus vitae sacrae religioni aptum observare debere sed in litteris etiam excolendis (...) Quamobrem vos hortor ut litterarum studium non solum non neglegatis, sed etiam humillima animi intentione, quae Deo Placeat, illis ediscendis certatim studeatis, quo facilius et rectius divinarum scripturarum arcana perspicere possitis. Cum autem in sacris paginis schemata, tropi, ceteraeque his similes figurae inveniantur, nulli dubium quin quanto maturius quis litteris et doctrinis fuerit eruditus, tanto altius illas legendo sensu figurato sit intellecturus.

³⁰ Vid. p. 400 de POSNER, R.: «Romance comparative grammar and linguistic change». In: KOERNER, K. (ed.): *International Conference on History of Linguistics*. Lille, 1987, p. 399-409.

³¹ Con todo, non é a única. Devoto presenta no 476 en paralelo —artificioso— na caída do Imperio de Occidente, Lot, a época de Constantino e Diocleciano, Regnier, a de San Agustín, mentres que Labrio

³² A análise do texto e da razón dos xuramentos de Estrasburgo realizados por Wright (pp. 189-195) parecen, o meu entender demasiado confusa e artificiosa, ao supór realización para falantes xermánicos letrados na corte de Carlomagno, o que aínda está por demostrar. De ser certo, non obstante, sería algo bastante máis extraño que o uso do romance en diversos documentos tanto merovingios coma carolinios, que sería de interés estudar máis detalladamente, coma fixo CALBOLI, G.: «Il latino merovingico, fra latino volgare e latino medioevale». In: *Latino volgare, Latino medioevale, lingue romanze. Atti del Convegno della Società Italiana de Glottologia, Perugia, 28 e 29 marzo 1982*. Pisa, 1984, pp. 63-78.

CALBOLI, G.: «Aspects du latin mérovingien». In: HERMAN, J. (ed.): *Latin vulgaire-Latin tardif. Actes du I^o Colloque international sur le latin vulgare et tardif. (Pécs, 2-5 Septembre, 1985)*. Tübingen, pp. 19-35.

³³ Vid. PANOFKY, E.: *Renacimiento y Renacimientos en el arte occidental*. Barcelona, 1986.

A *Admonitio Generalis* do 789, edicto imperial, establecía a creación de escolas anexas aos mosteiros e centros eclesiásticos, á parte da escola palatina, así coma a copia de diferentes manuscritos a un nivel moito maior que o que había ata entón, de xeito que se lograra un nivel básico de formación para o clero. O intento veuse baseado nas aportacións insulares respecto á pronuncia e lectura do latín, *littera ad litteram*, en tratados coma os do mesmo Alcuino, quen en *De Orthographia*, un tratado que amosaba un tratamento gramatical sen solución de continuidade desde os gramáticos tardíos, deixaba sentadas as bases do que sería a chamada reforma carolinxia.³⁴ Indubidablemente, a separación entre latín e romance facíase, deste xeito, definitiva, e daba paso a asunción da conciencia metalingüística³⁵ nos falantes e, así, a diferenciación de dúas linguas, o latín e o romance, que queda totalmente selada desde o momento en que o romance pasa a ser posto por escrito:

*Quiero fer una prosa en roman paladino
en qual suele el homne fablar con so vecino.*³⁶

Desde o momento da Reforma Carolinxia, ninguén dubida da valía, en maior ou menor medida, das teses de Wright.

O verdaderamente problemático atópase precisamente antes, isto é, respecto á pronuncia dos escritos en latín precarolinxio, ou dos escritos anteriores á inclusión da educación baseada na lectura letra a letra. O problema é moi complexo, porque ningún punto do que se parte ten indubabilidade. A escrita, o conxunto de técnicas para a representación gráfica da fala,³⁷ e dentro dela os alfabetos —e o latino non é unha excepción—, vaise caracterizar de xeito universal polo seu carácter conservador. Se nun principio o obxectivo básico é a orientación fonolóxica, isto é, a notación das particularidades fónicas pertinentes e funcionais, dado que se van transmitir as unidades orais que se consideran máis significativas, nunca haberá unha relación biunívoca entre alfabeto e inventario de fonemas.³⁸ Os alfabetos axiña deixan nese senso de ser tributarios do sistema fonolóxico, porque se por algo se caracterizan os sistemas de escritura é polo seu conservadurismo, que fará que quede á parte das evolucións do sistema fonolóxico, que serán entendidas coma corrupcións, coma se a escrita fose a garda das esencias da lingua. En calquera caso, iso provocará desaxustes no sistema

³⁴ Vid. WRIGHT, R.: «Alcuin's De orthographia and the Council of Tours». *Papers of the Liverpool Latin Seminar* [Liverpool], Third Vol., p. 343-361 (1981).

RICHE, P.: *Education et culture dans l'Occident Barbare*. Paris, 1961.

³⁵ Un aspecto básico dentro da doutrina de Wright, que vai ser máis desenvolvido, como certas teorías súas, a partir da publicación do libro. Vid. LLOYD, P.M.: «On the names of languages (and other things)». In: WRIGHT, R. (ed.): *Latin and the Romance Languages in the Early Middle Ages*. Londres, 1991, pp. 9-18.

³⁶ Gonzalo de Berceo: *Los milagros de Nuestra Señora*. Madrid: Cátedra, 1991, p. 101.

³⁷ Vid. GELB, I.: *Historia de la escritura*. Madrid, 1976.
DIRINGER D.: «The origins of the Alphabet». *Antiquity* 17 (1943).

³⁸ Vid. ALARCOS, E.: «Representaciones gráficas del lenguaje». *Archivum* 15: 5-18 (1965).
MORALEJO, J.L.: «La orientación fonológica de la escritura latina».

grafemático que se farán maiores á medida que pase o tempo. De aí a necesidade de aprender as regras de desaxuste: a ortografía.

Convén, así, ter en mente que durante a Antigüidade Clásica, tanto en Grecia coma en Roma,³⁹ non só non houbo normas gráficas rixidas, senón que, en certa medida, poderíase mesmo falar de poligrafía.⁴⁰ En todo caso, temos constancia de problemas gráficos en época clásica coma o feito de escribirse o dígrafo <ns>, que só se pronunciaba /s/, ou os dobretes *maxumus-maximus*, <ei> coma dígrafo para /i/, por citar tres dos exemplos máis destacados. Os desaxustes no sistema grafemático tamén son estudiables polas grafías ultracorrectas ou de prestixio, pero durante a época imperial están controlados abondo dentro dos textos literarios polo papel das escolas. De aí a importancia de escritos feitos por persoas con coñecementos rudimentarios, caso das inscricións pompeianas⁴¹ ou panonias. Nunha palabra: non houbo nunca en época republicana ou imperial unanimidade de criterios para as normas ortográficas que xogara un papel de fixación de ditas regras. Nun principio, poderíamos enumerar alomenos tres criterios que parecían xogar un papel máis relevante a hora de decidirse por unhas normas fronte ás outras: a *ratio* dos gramáticos, que vén equivaler á analoxía, a *consuetudo* ou uso, básico para os gramáticos de tendencia anomalista, e por último, a *mos maiorum*.

En todo caso, é innegable o papel unificador do ensino, que desde a Antigüidade Tardía vai vencellar dous aspectos que non se poden separar: escribir latín é aprender latín, é dicir que, segundo sexa o grao de formación do que escribe, este deixará apreciar un número maior ou menor de elementos propios da lingua oral do momento, deixando de lado o problema da pronunciación dos grafemas, isto é, da lectura.

É certo, con todo, que durante a Antigüidade Tardía se altera de xeito maior o sistema gráfico: a razón é, precisamente, o aumento da separación entre a fala e a escrita, que provoca tentativas conscientes de regularización das tendencias cada vez máis diverxentes que podían acabar arruinando a utilidade do alfabeto latino, a adecuación dentro duns mínimos entre grafemas e fonemas e deixar precisamente de ser un alfabeto para achegarse máis á especie dun tipo logográfico, como é o caso do inglés actual. Precisamente ese feito é o que lle fai a Wright soster a súa teoría da identidade entre latín e romance antes da reforma carolinxia, o de que en francés actual, e sobre todo en inglés,⁴² o sistema educativo esté sustentado na aprendizaxe máis da pronuncia que da lectura letra a letra propiamente dita. O problema está en saber qué grao de desfase son capaces de resistir as linguas, pero ademáis, Wright non asume a determinación temporal de que a aprendizaxe do latín escrito era só patrimonio dun grupo reducidísimo da poboación, co cal, as tendencias disgregadoras entre grafemas e pronunciación eran enormes. A tradición gramatical, polo que semella, o que fixo foi ler

³⁹ DESBORDES, F.: *Concepciones sobre la escritura en la Antigüedad romana*. Barcelona, 1995, sobre todo o capítulo 11: «Corrección y ortografía», pp. 159-168.

⁴⁰ No senso de P. TOMBEUR: «De polygraphia». In: *Grafía e interpunzione del latino nel medioevo. Seminario internazionale. Roma, 27-29 settembre 1984*. Roma, 1987, pp. 69-101.

⁴¹ Os traballos sobre o nivel da alfabetización na Antigüidade, e sobre todo, no caso de Roma, teñen hoxe unha boa aceptación.

⁴² WRIGHT, R: *Op. cit.*, 1989, pp. 72, 85-87, 106,...

coa pronuncia vernácula os textos,⁴³ pero estudiando con especial énfase tódolos paradigmas morfolóxicos, e a negación deste feito é a que leva a Wright a afirmar a existencia dun único código ou norma, o romance, e non dous.

Nese caso, o grande problema que presenta a tese de Wright aparécenos de súpeto sobre a mesa, e alí estaba, espido, coma Deus o trouxo o mundo, sen preocuparse do qué dirán das faladurías que a súa presenza ía causar nas mesas do redor, alleo a nada máis que a seguir sobre a súa mesa, sendo consciente de que o seu existir era precisamente, ese, que é o ter en conta ata qué punto a fala normal podería soportar a inclusión de cotas maiores ou menores de texto ou palabras que non formaban parte da propia fala,⁴⁴ sobre todo en documentos de carácter relativamente público coma os elaborados por notarios ou avogados, que tiñan que ser comprendidos polas partes firmantes pola parte contratante da primeira parte. Caso moi distinto é, obviamente, o dos textos literarios de consumo exclusivamente letrado, onde a pronuncia vernácula sería totalmente aceptable en persoas que tiñan un coñecemento maiormente elevado da estrutura da lingua latina.

Tal vez unha das pasaxes do libro que máis ríos de tinta ten feito correr é precisamente a posta en práctica dos seus presupostos, nas transcripcións interesantísimas do capítulo cuarto. Fixémonos con máis detalle no documento leonés do 908 —o texto presenta a errata de *a. C* en vez de *d. C*. O realmente discutible é se vocábulos coma *Camporum*, /camporo/ ou *legetur*, /legedor/ se lerían e manterían tal coma figuraban no texto. Wright recorre a postular en moitos casos un valor mudo para os morfemas da declinación ou conxugación latina que non pasaron a romance, ou mesmo, o que ao meu entender me parece máis improbable aínda, é a substitución dos elementos declinados pola palabra romance. Con todo, admitamos isto: ¿cal sería o tratamento de palabras que, nun principio, non parece que existiran en romance, coma *puer* ou *domus*? ¿leríanse coa pronuncia romanceada sabendo que o oínte non as entendería, ou procederíase a súa substitución automática polos derivados romances correspondentes: *casa* e *rapaz*? En calquera caso, é verdade que nos textos comentados por Wright as equivalencias co romance son bastante grandes, pero non parece asumible que entendesen e mantivesen non as fórmulas notariais (que precisamente por ese *status* específico deben quedar fóra de análise, alomenos no eido superficial) senón frases do tipo dos poemas da *Historia Albeldense* coma *polleat victor* ou *nullus cogentis Imperio*, *Et si quis tamen*, sen falar de conxuncións desaparecidas coma *neque*, *apud*, ou *nihil*.

⁴³ WRIGHT, R: *op. cit.*, 1989, p. 101: “Las pruebas textuales sugieren que los gramáticos del siglo V, en las pocas ocasiones en que mencionan la pronunciación, discuten, prescriben y usan la lengua vernácula normal de su época y lugar.”

⁴⁴ Cf. WRIGHT, R: *op. cit.*, 1989, p. 73: “En resumen, todo el repertorio morfológico anticuado, que los cultos encontraron inevitablemente cuando aprendieron a leer y a escribir, parece no haber tenido ningún efecto en absoluto en la evolución de la lengua vernácula.”

p. 73: “Las terminaciones morfológicas que se conservaron en la escritura (p. ej. -itur, -abis, -ibus) habrían formado una subsección del vocabulario pasivo de los que supieran leer y escribir, como lo hacen hoy formas inglesas del tipo -eth”.

p. 256: “Los sufijos disilábicos de los nombres -esto es -arum, -orum, -ibus- pudieron haberse considerado como unas subsección esotérica de vocabulario arcaico y haberse leído de la misma manera, esto es, mensarum como /mesaro/. (...) -ibus es interesante; puede que se leyera en voz alta como /ibos/ o /ebos/, (...) pero puede que se hubieran leído en voz alta como /-es/ considerando el bu como bu mudo.”

Xa non é cuestión da pronuncia, senón de comprensión. En último extremo veriámonos obrigados a admitir que o romance tiña unha considerable cantidade de voces que despois perdeu, o que contradiría cuantitativamente os datos da análise histórico-comparativa.

O problema da aceptación das teses de Wright, é, ao meu entender, máis de índole cuantitativa que cualitativa, dado que nos documentos compostos por e para persoas máis iletradas, o grao de achegamento ao romance no plano léxico, e en clichés, é moito maior, de xeito que mesmo podería aceptarse que certas partes do documento, sobre todo as formulísticas, quedaran sen entender completamente. Nese senso compróbase que canto maior fose a formación do escriba, loxicamente, o texto deixaría ver moitos menos trazos romances, pero séguenos quedando pendente o problema dos elementos morfolóxicos inexistentes en romance. Tal vez ese feito demostre que sería máis útil seguir mantendo a dualidade, que por eles foi percibida tardiamente, entre o latín, lingua escrita que se pronunciaba ao xeito romance, e que, malia ser moi semellante, non se identificaba con él —polo menos na conciencia lingüística dos falantes— e o romance propiamente dito.